

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 25 de xuño e 3 de xullo | V.O.S.E.

Week-end (1967, 105')

Dirección: Jean-Luc Godard

Guión: Jean-Luc Godard (Historia: Julio Cortázar)

Elenco: Mireille Darc, Jean Yanne, Jean-Pierre Kalfon, Juliet Berto, Michèle Breton, Jean Eustache, Paul Gégauff, Blandine Jeanson, Jean-Pierre Léaud, László Szabó, Anne Wiazemsky, Yves Beneyton

Son: René Levert

Montaxe: Agnès Guillemot

Música: Antoine Duhamel

Fotografía: Raoul Coutard

Produtora: Comacico, Les Films Copernic, Lira Films, Cinecidi (Francia, Italia)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Adeus á linguaxe, 2014

Elogio del amor, 2001

Histoire(s) du cinéma, 1988

Aquí y allá, 1976

La chinoise, 1967

Vivir su vida, 1962

Al final de la escapada, 1959

PREMIOS E FESTIVAIS


Berlinalde 1968 (Sección Oficial)

SINOPSE

Fábula apocalíptica, desencantada e satírica, definida como unha novo viaxe de Gulliver a través do colapso da sociedade de consumo representada nunha parella burguesa.

«A sociedade occidental nunca foi mostrada tan enferma como nesta comedia negra do absurdo»

Dennis Schwartz



“Week-end é unha brincadeira, unha pistola de xoguete”

Entrevista con Jean-Luc Godard

Por Jonathan Cott

Cara ao remate de *Week-end* botas man dun lema segundo o cal só se pode combater o horror da burguesía con máis horror? Coido que así é. Non tanto na loita pola produción ou o poder como na experimentación científica. Ademais é necesario queimar a ópera. Coa British Motor Corporation ou a General Motors non está tan claro pois á fin é necesario producir algúns automóbiles, pero ao Covent Garden, o Lincoln Center ou a San Francisco Opera House, podemos prenderlles lume. Se non os queimamos sempre seremos absorbidos por eles.

É estraño que queiras queimar obras como *Moisés e Aarón* de Schoenberg e non a General Motors. Non quero queimar as obras, lembremos a Mao cando dixó, se queimamos os libros non saberemos como criticalos.

É moi arrevesado pensar que en *Week-end* a agresión que se percibe contra a burguesía é de feito unha crítica a ti mesmo? Non, é certo, desde logo. E se puidese ter feito un filme aínda máis sucio contra todo isto teríao feito.

Por que decidiches sacrificar animais para o filme? E por que non? Moita xente foi asasinada en África ou no Vietnam. A estas alturas coido que ten máis impacto no público a morte dun porco que a dun ser humano, mesmo se se lle aclara á xente que se trata dunha persoa real. Así é como somos, estamos a matar xente inocente.

No filme citas ao Conde de Lautréamont. Os seus *Cantos de Maldoror*, alén da súa compoñente fantástica, son un forte ataque á familia burguesa. Que fai que o teu ataque frontal á burguesía sexa diferente? Non creo que haxa que falar de ataques en *Week-end*, é máis ben unha brincadeira. É un filme máis ben *yippie**, como unha pistola de xoguete.

Pero os *yippies* que vemos no filme son nihilistas... Porque son nihilistas na realidade. E non son fascistas porque atacan os fascistas.

Ao remate de *Week-end* os *yippies* convértense en caníbales. Como xustificas o canibalismo, mesmo no mundo no que nos atopamos? Non estou a xustificar nada. Como espectador cómpre ser crítico. Non se trata dun filme de Hollywood. Nun filme de Hollywood cando remata a proxección no sucede máis nada. Non hai relación entre espectador é pantalla. Se non che gusta o filme podes durmir, que é o que eu fago acotío. Pero hai outros filmes que non se poden esquecer, dos que tes a necesidade de falar ao remate.

En *Pierrot o tolo* (1965) Jean-Paul Belmondo di, supoño que falando por ti, que todo o que lle interesan son as cores e os espazos entre as persoas. E agora semellas querernos dicir que o que che interesa non é tanto o que se proxecta na pantalla como o que se xera entre a propia pantalla e o espectador. Que queres dicir con todo isto? O que quero dicir é que o filme non transcorre na pantalla. O filme é un movemento que vai da realidade á pantalla para regresar á mesma realidade. E as pantallas non son nada, apenas sombras. É como un nadador que xira sobre si mesmo ao chegar ao fin da piscina para logo regresar na dirección inversa. Iso é a pantalla.

Quen sería o nadador, o cineasta ou o espectador? Ambos. Cando chegas ao remate es cineasta e cando saes es espectador.

Que che parece que *Week-end* estea a ter éxito nos Estados Unidos? Posibelmente estea a funcionar ben pero na dirección equivocada. Por isto teño pena de non ter feito un filme máis sucio.

Dáme mágoa pensar que non volverán as ideas e as formas dos teus primeiros filmes. Eses filmes son o que son, ou mellor dito o que eu era nalquel tempo.

* O termo *yippie* fai referencia a un movemento que nace en 1967 nos Estados Unidos por contraposición ao *hippie* e que se define como urbano, antiautoritario e antimilitarista (N da T).

Publicado en *rollingstone.com*
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

A propósito de Godard, Harun Farocki / Kaja Silverman. Caja Negra, 2016

Historia(s) del cine, Jean-Luc Godard
Caja Negra, 2007

JLG/JLG, Jean-Luc Godard
Caja Negra, 2009

Pasados citados por Jean-Luc Godard,
George Didi-Huberman. Shangrila, 2017

Un año ajetreado, Anne Wiazemsky
Anagrama, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenumax

